

Acuse



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data: 12/03/2014 18:19:23

CONCELLO DE CALDAS DE REIS
Rúa Ferrería nº 1
36650 Caldas de Reis
Pontevedra

SAÍDA 28400 / RX 160010



Asunto: Resolución de aprobación de execución das obras de escavación para a construción de pozas na finca "A Tafona" no concello de Caldas de Reis

Achégolle Resolución de data 11 de marzo de 2014, sobre o asunto de referencia, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Pontevedra, 11 de marzo de 2014

O xefe territorial

Ignacio Rial Santomé



ÓRGANO COMPETENTE

Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este expediente, con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril (BOE nº 101, de 28 de abril), nos R.D 1634/1980, de 31 de xullo (BOE nº 191, de 9 de agosto) e 2563/1982, de 24 de xullo (BOE nº 246 de 14 de outubro; DOG nº 30, de 4 de decembro), nos Decretos 6/1982, de 29 de xaneiro (DOG nº 2, de 12 de febreiro) e 132/1982, de 4 de novembro (DOG nº 30 de 4 de decembro) e o Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, en relación co Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado por Real decreto 863/1985 de 2 de abril.

De conformidade co que antecede e en exercicio das competencias que esta Xefatura Territorial ten atribuídas e en cumprimento do artigo 18º, punto 2, del Decreto 116/2001, de 10 de maio que modifica o Decreto 402/1996 de 31 de outubro, polo que se aproba el Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, **AUTORÍZASE** ao Concello de Caldas de Reis á realización das obras de escavación do proxecto denominado "Construcción de pozas en la finca A Tafona", dentro do perímetro de protección do balnearios Acuña e Dávila, coas seguintes CONDICIÓNs: